

eu RAZO BALDAIO

Coñecer
para valorar

*A noite das
avelaiñas*



www.carballo.gal/euqueroRB

A noite das avelaiñas



Que son as avelaiñas? As avelaiñas son lepidópteros que soen voar polas noites, aínda que hai especies que voan polo día entre as bolboretas. A palabra "lepidóptero" provén do grego *lepis*, que significa escama, e *pteron*, á. Isto é porque as ás dos lepidópteros están cubertas por escamas, responsables das súas cores e perfumes.

Ás avelaiñas tamén se lles coñece co nome de heteróceros (de orixe grego), que quere dicir "antenas diversas", tendo os machos unhas antenas grandes e con moitos aparellos, para poder detectar a feromona das femias. Isto non ocorre nas bolboretas, xa que ao voar polo día, pódense ver e achegarse ás da súa especie. Pero pola noite todo é máis complicado, por este motivo, as femias das avelaiñas liberan unha feromona para poder atraer aos machos, nalgúns casos ata 11 km de distancia! Nalgúns casos as femias non teñen as ás desenvolvidas (ápteras), sendo os machos os que se dispersan.

As eirugas das avelaiñas poden ser de diferentes tipos, tamaños e cores. Hainas con pelos, sen pelos, que se alimentan de follas ou que asemellan polas ou serpes! Son uns animais abraiante. Despois da fase de eiruga, pasan a crisálida. Algunhas entérranse baixo terra, ou fan unha cuberta de seda e follas para estar protexidas. Poden estar neste estado semanas, meses ou incluso, anos. Nesta fase sofren a metamorfose ata o adulto voador, cuxa función fundamental é a de reproducirse e dispersarse.

Hai varias hipóteses que barallan como se orientan as avelaiñas pola noite. A máis aceptada é que seguen os raios que proxecta a lúa sobre a superficie da terra, e así poder seguir o seu camiño. Tamén se sabe que algunhas especies seguen os campos magnéticos, coma a *Noctua pronuba*.

Moitas das avelaiñas séntense atraídas polas luces que poñemos nas nosas casas, ou que alumean as rúas. Créese que estas lámpadas emiten luz ultravioleta, e que estes lepidópteros intentan orientarse polos seus raios, que se emiten coma se da lúa se tratase, e moitas

delas acaban cegadas e condenadas a estar noite tras noite voando ao redor da luz, na procura do seu camiño. A contaminación luminosa afecta moi negativamente a moitos animais, e no caso, das avelaiñas, pode supoñer unha barreira para a comunicación das poboacións, o que pode ocasionar ao longo do tempo a extinción dalgunhas destas, por falta de renovación de individuos. Un exemplo destas barreiras poden ser os farois das estradas, que actúan coma un muro.

As avelaiñas son grandes polinizadores, aínda que algunhas das súas especies pódense considerar pragas, no caso de que as súas poboacións crezcan moito (como pode ser o caso da procesionaria do pino). Ao mesmo tempo, son o alimento de moitas outras especies, algunhas delas protexidas, como son os morcegos, cos que teñen unha estreita relación depredador-presa. De feito, algunhas especies de morcegos, os orelludos, están especializados na captura das avelaiñas.

Un grupo zoolóxico abraiante, moi diverso, e de gran relevancia ecolóxica, que merece ser coñecido e respectado.

Nunha xornada de mostraxe nocturno de avelaiñas colocase unha lámpada que emita luz ultravioleta, reflectida por unha tea branca, para que estes insectos se sintan atraídos por ela. Cando se achegan quedan prendidos pola luz, e pousan na tea ou en obxectos con recunchos nos que se poidan agochar. Así os estudosos destes animais poden observalos, sacarlles fotos e anotar a presenza das diferentes especies na zona, cunha metodoloxía incruenta. Nunca se coloca varias noites seguidas no mesmo lugar, para que os individuos poidan relacionarse con normalidade, pois os adultos teñen uns poucos días para buscar parella e poñer os ovos, para asegurar a xeración futura.



Contidos:

Grupo
Naturalista
Hábitat

Edita:

Concello
de Carballo